



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
I.E.S. "M. García. Barros"  
Rúa da cultura s/n. 36681  
A Estrada (986.590104)

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**  
**IES MANUEL GARCÍA BARROS**  
**CURSO 2009-10**

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL  
IES MANUEL GARCÍA BARROS  
CURSO 2009-10

## INDICE

- 1.-INTRODUCCIÓN
- 2.-OBXECTIVOS DO PAT
- 3.-ÁMBITOS DE ACTUACIÓN
- 4.-ACTIVIDADES DO PAT
- 5.-METODOLOXÍA E RECURSOS
- 6.-AVALIACIÓN DO PAT
- 7.- ANEXO

## 1.-INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial é a planificación específica (pertencente á programación anual do DO e incluída no Plan Anual de Centro) das actividades propias dos titores; por tanto refírese ó primeiro nivel no que se organiza a orientación.

A titoría busca a mellor atención e o desenvolvemento integral (persoal e académico) dun grupo concreto de alumnos; sendo responsabilidade do titor a coordinación das accións educativas e ter presentes as características individuais do alumnado. Pero a función orientadora desempeñarse en contacto directo cos demais docentes dese grupo, co asesoramento e axuda do DO e baixo a coordinación da xefatura de estudos (art. 59 do Decreto 324/1996 referido ó Regulamento Orgánico dos institutos de secundaria). Por iso a coordinación titor/profesorado de grupo é necesaria, e dende o DO procurárase habilitar as canles para que sexa fluida, de xeito que repercuta favorablemente en:

- planificación de obxectivos, contidos e actividades
- realizar un seguimento individualizado dos alumnos/as e facer as propostas de intervención necesarias
- coordina-la acción educativa do equipo docente
- informar sobre aspectos do desenvolvemento do alumnado tanto ás familias como entre profesores

Tendo en conta que no IES Manuel García Barros impártese ESO e Bacharelato das modalidades Humanidades e Ciencias Sociais, e Ciencias e Tecnoloxía, o PAT contemplará obxectivos e actuacións para ambas etapas educativas.

Debemos sinalar que o PAT é un documento dinámico e flexible, polo que ademáis das actividades programadas, as suxerencias de titores, alumnado... tamén poden dar acollida a novas propostas e actuacións.

## 2.-OBXECTIVOS DO PAT

Os obxectivos xerais do PAT son:

- a) impulsa-lo desenvolvemento psicosocial dos alumnos
  - facilita-la integración na etapa e no grupo-clase
  - desenvolver de xeito adecuado a autoestima e autoconcepto
  - desenvolve-la madurez vocacional, asesorando na toma de decisións que afecten o seu futuro
  - impulsa-la participación en actividades extraescolares e a interacción entre compañeiros.
  - Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro.
- b) optimiza-lo proceso de E/A (Ensino/Aprendizaxe)
  - detectar dificultades de aprendizaxe, principalmente nas instrumentais e nas TTI (Técnicas de Traballo Intelectual)
  - coordina-las respostas educativas pertinentes, a nivel de grupo ou individualmente, para solventar estas dificultades
  - coordina-los procesos de avaliación e promoción
  - facilita-la reflexión e implicación dos alumnos/as nas súas aprendizaxes e en cómo melloralas
- c) orientar ós pais/nais e implicalos na labor educativa
  - fomenta-la participación dos pais nas actividades de centro
  - proporcionarlles información sobre a evolución dos fillos/as
  - asesora-los nos conflitos ou situacións problemáticas que os fillos poidan ter.

- solicita-la súa colaboración nas actividades de reforzo, apoio escolar e outras que sexan precisas para os fillos/as
- d) coordina-la acción educativa dos docentes do grupo
- coordina-lo axuste das programacións ás necesidades educativas do grupo-clase e dos alumnos individualmente considerados
  - asesorar e participar nas avaliacións e promocións de curso.

En referencia a estes obxectivos, o Dpto. de Orientación establece uns obxectivos específicos:

-participar na elaboración do Plan de Acción Titorial, redactalo e coordina-lo seu desenvolvemento

-colaborar na detección de necesidades e intereses do alumnado e a partir destas, colaborar na formulación de obxectivos e estratexias para solventalas

-propor tarefas e actividades para desenvolver os obxectivos plantexados, facilitando/elaborando material

-participar na avaliación do desenvolvemento da función titorial

### 3.-AMBITOS DE ACTUACIÓN

#### 3.1.- Profesorado

A acción titorial pretende coordina-las accións educativas/orientadoras dos docentes dun grupo-clase, dinamizando as actividades de E/A e orientación. Os obxectivos serán:

-obter e aportar información relevante, individual e grupal, ós demais docentes do grupo

-ter coñecemento e informarlos dos reforzos e horarios de reforzo

-informar ás familias das medidas de atención á diversidade seguidas

-realiza-lo seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais e canaliza-las pertinentes suxerencias ó DO e Xefatura de Estudos

- realiza-las actuacións que desenvolvan os obxectivos do PAT
- asesorar no proceso avaliador do grupo-clase.

### **3.2.-Alumnado**

A acción grupal e individual orientarase ós 4 ámbitos seguintes: ensinar a pensar, ensinar a ser persoa, ensinar a convivir e ensinar a decidirse.

-“Ensinar a pensar”: é a liña máis próxima ás aprendizaxes escolares, pódese traballar dende tódalas áreas e tamén con programas específicos de ensinar a traballar, TTI...

-“Ensinar a ser persoa”: busca potencia-lo desenvolvemento harmónico da identidade persoal, mediante o logro dunha autoimaxe axustada e positiva, a autoestima e autoconcepto (persoal e académico).

-“Ensinar a convivir”: procurar ó alumnado espazos e experiencias que leven a relacións normalizadas cos compañeiros/docentes. Aquí fomentárase a capacidade de comunicación, empatía, asertividade, actitudes de responsabilidade, solidariedade e respecto entre o grupo de iguais e de adultos.

-“Ensinar a decidirse”: esta capacidade debe desenvolverse ó longo de toda a etapa e ser totalmente conseguida ó final da etapa, para facilitar a decisión sobre o futuro académico e laboral e tamén en calquera outro eido da súa vida. Neste ámbito as estratexias de recollida de información, análise reflexiva, ponderación das consecuencias... serán fundamentais. O POAP incluírá este aspecto.

### **3.3.-Familias**

Facilitárase a comunicación entre familias e profesores/as e fomentárase a súa participación no proceso educativo e orientador dos fillos. Os obxectivos inclúen:

- participar nas reunións de pais que se realicen ó longo do curso académico

- realizar entrevistas individuais, a petición do equipo de docentes ou da familia
- manter un horario de atención semanal
- informar sobre a marcha académica dos fillos/as e sobre calquera tema que repercuta no mesmo

#### 4.-ACTIVIDADES DO PAT

A secuencia trimestral de actividades do PAT establécese do seguinte modo:

##### PRIMEIRO TRIMESTRE

OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
-Dinámicas de acollida e presentación/integración no grupo -RRI, dereitos e deberes, normas de convivencia e funcionamento do grupo -Recollida de información persoal e académica. -Elección de delegado. -Reunión cos pais. -Avaliación inicial (preavaliación ) da ESO.	- Programa de Habilidades Sociais, enmarcado no Plan de prevención de drogodependencias, a cargo de profesionais contratados polo Concello e que este curso esta dirixido a toda a ESO. Data de inicio o 26/10/09	- Continuación do programa de H. S. que finalizará o 18/12/09. Este ano por cuestión se operatividade e mellor aproveitamento faise de forma continuada e simultánea de 1º a 4º.

### SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
<p>-Reflexión sobre resultados académicos da 1º avaliación</p> <p>-Axudas ó estudio, cuestionario, técnicas e hábitos de estudio. Entrenamento na realización de exames.</p> <p>-Normas do grupo: grao de cumprimento.</p> <p>Orientación os alumnos de BACH para presentación o examen de acceso o Ciclo Superior con 19 anos no 2010</p>	<p>- Programa "Quérote" de educación afectivo-sexual dirixida os grupos de 2º e 4º da ESO, e a realizar de forma simultánea durante todo o horario lectivo en sesións de dúas horas.</p> <p>Posible charla- coloquio para 3º de ESO sobre aspectos da adolescencia, con xurista ou similar.</p>	<p>-Actividades de autoconñecemento: educación para a saúde</p> <p>-Actividades de convivencia</p> <p>-Autoavaliación, avaliación do grupo: preavaliación cos alumnos</p> <p>- Orientacións en 4º sobre Bach e alternativas profesionais. Orienta 09.</p>

### TERCEIRO TRIMESTRE

ABRIL	MAIO	XUÑO
<p>-Resultados académicos da 2º avaliación: reflexión</p> <p>-introducción de optatividade, itinerarios académicos... por curso</p> <p>-Proxección audiovisual: interculturalidade.</p> <p>- Orientación 1º de Bach con participación no Forum Orienta e outros convocados pola CIUGA.</p>	<p>-Información ós pais sobre a oferta do centro</p> <p>-Toma de decisións sobre futuro académico-profesional</p> <p>-Autoavaliación: preavaliación de alumnos.</p> <p>-Toma de decisións académicas. Decisións sobre optativas.</p>	<p>-Avaliación final: orientacións futuras</p> <p>-Avaliación da titoría: alumnos e titores.</p> <p>Orientacións alumnado de 2º Bach sobor das PAAU de xuño e setembro.</p>

Para levar a cabo estas propostas, o Departamento de Orientación elaborará unha planificación trimestral máis pormenorizada e axeitada a cada curso, a partir das

coordinacións cos titores. Deste xeito, adaptarase mellor ó grupo-clase.

### **3º DE ESO. GRUPO DE PDC**

As características deste alumnado son produto de toda a súa historia de fracaso escolar, pero tamén persoal. Se ben non podemos establecer pautas correctoras nin compensatorias a longo prazo, si que é posible realizar unha intervención sobre as súas características actuais individuais, familiares e sociais. Este curso 2009/10 incorporación de 8 alumnos o programa de dous anos e un alumno incorporado polo curso 2009-10 en 4º, e que dado o perfil dos alumnos/as, é probable que manifesten necesidades educativas nos seguintes aspectos:

- Autoestima, autoconñecemento e identidade persoal.
- Planificación da súa vida, hábitos, orde...
- Relacións de grupo.
- Desenvolvemento dalgunhas das súas capacidades.

Propónse polo tanto que a titoría se ocupe, prioritariamente, dos seguintes apartados:

- Desenvolvemento persoal (a nivel cognitivo, social e afectivo).
  - Relacións interpersoais (no relativo ós compañeiros/as, ó profesorado e as familias).
- Participación e inserción socioprofesional.

O PDC supón un contacto estreito cos pais/nais, que comenza no momento da avaliación psicopedagóxica e prolóngase durante todo o programa. A



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
I.E.S. "M. García. Barros"  
Rúa da cultura s/n. 36681  
A Estrada (986.590104)

comunicación entre o profesorado e a familia constitúese así como un dos elementos imprescindibles para o éxito do alumnado. É preciso sinalar e

profundizar en algunhas das necesidades que presenta o alumnado de diversificación.

- Realizar un seguimento persoalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado con especial énfase no relativo a súa adquisición de hábitos de traballo e actitudes positivas cara ó estudio, a comprensión oral e escrita e o desenvolvemento e a capacidade para a resolución de problemas.
- Analizar a marcha do grupo e a súa integración e participación no centro.
- Fomentar o desenvolvemento dos aspectos afectivos e sociais da personalidade para favorecer o crecemento a a súa autorrealización persoal, así como para axudar a organizar a propia vida, a convivencia e a solidariedade.
- Establecer canles de comunicación cas familias, favorecendo unha relación de feedback entre o profesorado e os pais/nais.

#### **4º DE ESO. GRUPO DE PDC**

No segundo curso do grupo de diversificación convén seguir traballando a autoestima, razoamento, atención, técnicas de traballo e habilidades sociais; no último trimestre realizarase a O.P. ca realización de cuestionarios de aptitudes persoais, intereses profesionais, valores , información sobre os ciclos formativos e o bacherelato, co fin de axudalos na toma de decisións cara os estudos. Neste curso son 8 os alumnos participantes do Programa de 2007/09.

***Os PDC, terán como referencia legal a Orde de 30 de xullo de 2007 (DOG do 21 de agosto)***

## **5.-METODOLOXÍA E RECURSOS**

A metodoloxía empregada participará dos seguintes principios:

- a acción titorial terá dobre dimensión: grupal e individual
- potenciarase o traballo cooperativo, a participación e protagonismo do alumnado.

- buscarase o desenvolvemento de actitudes positivas: aceptación, empatía, confianza, respecto, solidariedade...

- rexeitaranse actitudes negativas: discriminación, autoritarismo, sobreprotección

- atenderase á diversidade e ás necesidades do alumnos

- será revisable, didáctica e participativa, con actividades atractivas para os alumnos

Os recursos empregados abarcará tanto os disponibles no centro coma externos:

- bibliografías, monografías, cadernos titoriais, internet...

- técnicas sociométricas, dinámicas de grupo (remuíño de ideas, debate dirixido, phillips 666, role-playing...

- entrevistas, cuestionarios de avaliación, observacións....

- charlas e coloquios, talleres e obradoiros, uso de cd-rom, vídeos...

Para iso, dende o DO estableceranse contactos con entidades do entorno: concellalía de cultura, Cruz Vermella, Escola Galega de Consumo, Oficina Municipal de Información Xuvenil e Centro de Información á Muller.... co fin de ofertar actividades de interese para o alumnado e que contribúan ó seu desenvolvemento integral (talleres de publicidade e consumo responsable, sesións de prevención de violencia, programa de saúde, programa de prevención de drogodependencias por medio da potenciación das habilidades

sociais, o autoconecemento, conecemento do entorno productivo, técnicas de traballo intelectual, habilidades sociais/asertividade, dilemas morais para a toma de decisións, autoconecemento....).

## 6.-AVALIACIÓN DO PAT

As reunións de coordinación titorial semanais serán unha fonte de recollida de información sobre a pertinencia e axuste da programación. Os avaliadores serán os participantes no deseño, planificación e posta en marcha da acción titorial (orientadora, titores, docentes) e os destinatarios (alumnado, familias, profesorado). Mediante posta en común, cuestionarios de avaliación... recollerase a información que logo será engadida na memoria final do DO.

Esta avaliación terá 3 momentos:

- avaliación inicial: proposta de contidos, secuenciación, temporalización..

- avaliación continua: seguimento das actividades, consecución de obxectivos, axeitamento de materiais e recursos...

- avaliación final: que recollerá o máis salientable e as propostas de mellora.

Os criterios de avaliación terán en conta a adecuación de actividades, materiais, temporalización, os logros, grao de participación e satisfacción dos participantes, dificultades atopadas para o desenvolvemento das actividades, novas suxerencias para o vindeiro ano académico, aspectos positivos e negativos...

plan de orientación académico profesional  
ies manuel garcía barros  
curso 2009/10

## INDICE

1.-INTRODUCCIÓN

2.-PRINCIPIOS DO POAP

3.-OBXECTIVOS

4.-CONTIDOS

5.-METODOLOXÍA E RECURSOS

6.-AVALIACIÓN

## 1.-INTRODUCCIÓN

A orientación educativa abrangue o espectro dimensional da persoalidade do alumnado: aspectos académicos, profesionais... o que inclúe a facilitación dos seus autocoñecementos, favorece-la autonomía e autorresponsabilidade na toma de decisións ante as diferentes opcións que a educación e a vida lle ofrecen.

O desenvolvemento da madurez persoal e vocacional forman parte da orientación educativa, o que implica dotar ós alumno/as de estratexias de busca activa de información, capacidade de elección e reflexión. De ahí a necesidade de que dentro da acción titorial se recolla unha orientación académico-profesional.

## 2.-PRINCIPIOS DO POAP

- a) O Plan de Orientación Académico-Profesional terá en conta características do alumnado (desenvolvemento evolutivo) á hora de ser programado.
- b) Dada a importancia da TDD, contemplaranse actuacións para a ESO e para Bacharelato.
- c) A TDD considérase un proceso contínuo que permitirá ó alumno/a decidir a partir do seu autocoñecemento, as alternativas que se lle presentan... de forma autónoma e responsable. Para acadar esta autonomía será indispensable a inicial axuda de pais, docentes, titor/a e orientadora.
- d) Esta TDD parte dun entrenamiento axeitado, que implica un forte compoñente cognitivo (procesamento e busca de información relevante, tratamento, valoración de alternativas e consecuencias).

### 3.-OBXECTIVOS

O POAP busca:

-axudar ó alumno/a a acadar un axeitado coñecemento de sí mesmo, do sistema educativo, das alternativas que ofrece e do ambiente sociolaboral e profesional do entorno

-proporcionarlle ó alumno/a os medios para que desenvolva as habilidades de busca de información, tratamento da mesma (análise, reflexión, capacidade crítica) para chegar á toma de decisións que conduzan a unha elección madura e responsable de estudos e profesións.

A nivel específico podemos sinalar 2 contidos diferenciados:

ALUMNOS QUE CONTINUÉN VÍA ACADÉMICA	ALUMNOS QUE ABANDONEN SISTEMA EDUCATIVO E INICIEN VIDA LABORAL
<p>-Axudar a coñecer e distinguir as súas aptitudes, preferencias, capacidades... que condicionan as decisións vocacionais</p> <p>-Proporcionar información sobre itinerarios académicos:</p> <p>*saídas formativas da ESO,ciclos formativos de grao medio e superior</p> <p>*modalidades de Bacharelato e correlato con FP grao superior e carreiras universitarias</p> <p>*optatividade</p> <p>*centros nos que cursar estudos</p> <p>*PAAU, becas, residencias universitarias e centros residenciais docentes, plans de estudos...</p>	<p>-Fomentar desenvolvemento de habilidades que analicen as características dos perfís profesionais e as cualidades que requiren para que o alumno/a realice a elección de forma madura</p> <p>-Desenvolver destrezas de busca de emprego e toma de contacto coa oferta (elaboración de CV, enfrontarse á entrevista...)</p> <p>-Familiarizar ós alumnos cos problemas da relación laboral (contratos, salarios...)</p> <p>-Información básica de busca de información: emprego público, INEM, SGC, novas tecnoloxías...</p>

## 4.-CONTIDOS

### 4.1.-DIRIXIDOS Ó ALUMNADO

-búsqueda de información e fontes: guías, folletos, programas informáticos, bibliografía especializada, centros de información do entorno, internet..

-Coñecemento do sistema educativo, diagramas coas opcións e alternativas ó remate de curso/etapa (elaboración do propio itinerario educativo)

-Documentación sobre centros: oferta educativa, direccións, teléfonos de contacto...

-Charlas informativas ós alumnos de bacharelato

-Familias profesionais: ciclos formativos, onde cursalos, perfís profesionais, PCPI...

-Contacto do DO: panel informativo e consultas individualizadas

-Difusión de información actualizada sobre becas, residencias, universidade....

-aplicación de cuestionarios sobre intereses, aptitudes, preferencias...

(ORIENTA, ORIPRO...)

-autoavaliación da traxectoria escolar

-Simulación de toma de decisións

-entrevista coa orientadora (nos indecisos principalmente)

-coñecemento do entorno productivo e oferta do mercado laboral

-recollida, análise e comentario das noticias de prensa

-contactos con servicios de información do concello : INEM, SGC...

-visitas a centros educativos do entorno: educación adultos, FP, PCPI...

-role playing: entrevista laboral

-elaboración do CV: tipos, redacción...

#### 4.2.-DIRIXIDOS ÓS TITORES

-apoio, asesoramento, facilitación de material, participación en charlas informativas... na orientación académico-profesional

-participar e colaborar no consello orientador ó remate de 4º ESO

-horario semanal de coordinación para o seguimento do POAP e adecuación de contidos, actividades...

#### 4.3.-DIRIXIDOS ÁS FAMILIAS

-entrevistas para recoller información sobre aptitudes, intereses, motivación e expectativas de/sobre o fillo/a

-información sobre a oferta educativa do centro, itinerarios educativos con e sen titulación en ESO, alternativas educativas no entorno

-horario de atención semanal para as familias

## 5.-METODOLOXÍA E RECURSOS

O DO elaborará o POAP e coordinará a posta en práctica (baixo coñecemento de xefatura de estudos) do mesmo por parte dos titores, dando o asesoramento que requiran e soliciten (elaboración de documentación, actuación directa no grupo-clase, atención individualizada...).

As actividades enmárcanse a través do PAT, na hora de titoría da ESO. No Bacharelato as actividades serán implementadas ó longo do curso, en horas cedidas polo profesorado, e ó longo dos 3 trimestres.

Os recursos empregados inclúen:

- a) recursos humanos: coordinación co equipo directivo, CCP, coordinadora de actividades extraescolares e complementarias, membros do DO, titores e docentes, membros doutras institucións (OMIX, institutos da comarca, asociacións empresariais...)
- b) recursos materiais: guías, información impresa elaborada polo DO, dossier, guías informáticas, cuestionarios de intereses, charlas...

## 6.-AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso contínuo, diferenciando entre:

-avaliación trimestral: valoración que titores, alumnos, familias... fagan sobre as actividades, interés e adecuación das mesmas.

-avaliación final: contrastación do grao de consecución de obxectivos, aceptación do POAP, adecuación de materiais e accións, interés dos temas tratados...

Os resultados serán plasmados na memoria final do DO, para a elaboración do POAP do vindeiro curso (inclusión de novos obxectivos, eliminación/modificación/introducción de novos contidos e obxectivos, recursos...).

PLAN DE APOIO Ó PROCESO  
DE ENSIÑANZA-APRENDIZAXE  
IES MANUEL GARCÍA BARROS  
CURSO 2009-10

## INDICE

1.-INTRODUCCIÓN

2.-OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

3.-SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

## 1.-INTRODUCCIÓN

Entre os ámbitos de actuación da orientación atópase o apoio ó proceso de ensinanza-aprendizaxe, complementado a acción titorial e a orientación académico-profesional.

O Dpto. de Orientación colabora co profesorado na atención á diversidade, elaborando propostas de mellora para facilita-lo proceso E/A. Así, as medidas de apoio poden ser de carácter ordinario ou extraordinario, priorizando as intervencións este curso ó grupo de Reforzo Educativo e Programa de Diversificación Curricular, así como ós obradoiros (comunicación oral e matemáticas, que reforzan as áreas instrumentais), seguindo as liñas establecidas no PEC respecto ó alumnado con n.e.e.

Potenciarase a labor da profesora de Pedagogía Terapéutica , en:

-prestarlle atención docente directa ó alumnado con nee (axustando horarios e favorecendo o contacto co grupo de referencia): este apoio realizarase fóra ou dentro (según necesidades e horarios) da aula do grupo de referencia, e será nas áreas instrumentais nas que o profesorado considera necesarias para realizar actividades específicas que requiran unhas condicións especiais (individualización, tempo, redundancia nas aprendizaxes...).

-participar nas reunións co equipo docente destes alumnos, informalos da evolución e facilitar información/participar directamente nas entrevistas cos pais que se considere necesario.

**Medidas de apoio ordinario:** seguimento de alumnos, RE, colaboración na avaliación, estratexias de aprendizaxe, TTI, adquisición de hábitos de estudo...

**Medidas de apoio extraordinario:** adaptacións curriculares, medidas organizativas de agrupamentos específicos.

**Medidas de prevención e desenvolvemento socio-persoal:** habilidades de vida; toma de decisións, habilidades sociais e comunicativas, transversalidade, educación en valores...

Outras: entrevistas individuais con pais e alumnos, reunións (xefatura de estudos, titores, servizos asistenciais...), avaliación psicopedagóxica.

## 2.-OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

- a) colaborar co profesorado de apoio e titores na revisión dos expedientes académicos dos alumnos, para coñecer a súa situación actual.
- b) Recopilar datos e informar sobre as características socioambientais e psicopedagóxicas do alumnado, que poidan repercutir no proceso E/A (entrevistas coa familia, alumno...)
- c) Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na planificación e implementación de tarefas/actividades dirixidas á súa solución.

- d) Diseñar e proponer accións encamiñadas a atención temperá e prevención de dificultades, con especial implicación do orientador do centro adscrito.
- e) Realizar avaliacións psicopedagóxicas dos alumnos/as ós que se lle detecten nee (permanentes ou transitorias)
- f) Asesorar e colaborar co profesorado de área, dptos didácticos na realización e seguimento das ACI, RE e na selección e asesoramento do alumnado que formará parte dos PDC.
- g) Implicar ás familias en actividades de reforzo e apoio.
- h) Realiza-lo seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos con nee, e realiza-los asustes pertinentes para optimiza-los resultados (en colaboración coa PT, titores e docentes de área)
- i) Colaboración no asesoramento e desenvolvemento de aspectos da programación como criterios e procedementos de avaliación, criterios de promoción...

### 3.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Mediante as reunións semanais con titores, a coordinación semanal coa PT e os contactos co orientador do centro adscrito farase seguimento de alumnos novos no centro e dos habituais que precisan deste apoio. Tamén as sesións de avaliación permitirán un seguimento dos resultados e a modificación/mellora das medidas de atención á diversidade para o seu mellor axuste ás peculiaridades do alumnado con nee.

A Estrada, 18 de setembro de 2009

Asdo. M<sup>a</sup> del Carmen Montero López

Orientadora

# anexo

O Departamento de Orientación durante o curso 2009/10 estará constituído polos seguintes profesores:

- M<sup>ª</sup> del Carmen Montero López . Xefa do Departamento
- Josefa Estévez Freire. Profesora de PT.
- Dolores Bermúdez Casais/profesora de Ámbito Lingüístico de 3º PDC
- M<sup>ª</sup> José Parcero Mariño. Profesora/Titora de Ámbito Científico de 3º PDC
- Augusto Otero Bugido. Profesor de Ámbito Científico de 3º de PDC
- Francisco Vázquez González. Orientador do CEIP "Pérez Viondi" adscrito a este Departamento de O.

A xuntanza de constitución do D. de O. realizouse o día 18-9-2009